

INDICE

- XUSTIFICACIÓN
- NORMATIVA DE REFERENCIA
- DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
- CONSIDERREACIÓNS TERMINOLÓXICAS E CONCEPTUAIS
- FINS EDUCATIVOS
- DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA
- ORGANOS QUE REGULAN O FUNCIONAMENTO DO CENTRO
- ENTRAMADO PEDAGÓXICO DO NOSO CENTRO
- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO (PROPOSTAS DE ACTUACIÓN)
- NORMAS DE CONVIVENCIA E A SÚA CORRECIÓN
- UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS DO CENTRO
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS
- TEMPORALIZACIÓN
- ACTUACIÓNS REALIZADAS NESTES ANOS
- INICIATIVAS A DESENVOLVER
- ACTUACIÓNS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO
- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA RESOLVER OS CONFLICTOS
- RESPONSABLES
- RECURSOS DISPOÑIBLES
- AVALIACIÓN DO PLAN

1.- XUSTIFICACIÓN

Ao falar da promoción da convivencia nos centros educativos, estes deben a modificación do seu modelo de escola de corte quizáis tradicionalista e academicista. Pero ademais faise necesario un estudio en profundidade sobre acomplexas situacións relacionadas con algunha forma de violencia.

Existe unha percepción xeneralizada entre a comunidade educativa que fai referencia ao progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros educativos, especialmente na educación secundaria obrigatoria.

Nos últimos anos asistimos a un cambio familiar e social cualitativo. O sistema educativo convértese no escenario onde se mostran estes cambios, e tamén aqueloutros aspectos que por moi novos ou rompedores, están por integrar e son orixe de tensións e conflitos. O alumnado reflexa as situacións agresivas, violentas, disruptivas da sociedade en que vivimos. Son un espello da televisión, dos xogos de consola, das noticias da tele (guerras consentidas, fraudes, violencia familiar, pelotazos, o fame ignorado...) e do que ven nas súas familias.

Este plan de mellora da convivencia será elaborado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica que establecerá a directoras para que o Equipos de Ciclo traballen sobre os diferentes aspectos do plan e, os coordinadores levasen as suxestións á Comisión para recollelas e elaborar o devandito plan. Este plan formará parte do Proxecto Educativo do noso centro. Unha vez finalizado será aprobado polo Claustro e o Consello escolar. Dentro do consello escolar e tendo en conta o Decreto 85/2007, créase e regula o observatorio da Convivencia Escolar no noso centro educativo. Este dinamizará o plan, elaborará un informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade do noso centro. **“Como a atención é individualizada, atendendo as características e capacidades do alumnado, teranse en conta as mesmas para catalogar os feitos e así mesmo as medidas a adoptar para cada alumno/a do noso centro”.**

2.- NORMATIVA DE REFERENCIA

Na LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro de educación, recóllese entre os principios e fins do sistema educativo español, a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Débense aplicar as medidas que para o ámbito educativo establece a LEI 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura de paz, co fin de promover a cultura de paz e non-violencia na nosa sociedade.

Por proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, co informe do Consello Escolar de Galicia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de doce de abril de dous mil sete, establece o DECRETO 85/2007, do doce de abril, polo que se crea e se regula o OBSERVATORIO GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

Por proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, co informe do Consello Escolar de Galicia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de doce de abril de dous mil sete, establece o DECRETO 85/2007, do doce de abril, polo que se crea e se regula o OBSERVATORIO GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia dos centros.

Por outra banda, os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e

das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Igualmente, as disposicións deste decreto atenden ao establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, coa finalidade de garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais no ámbito educativo. Estamos a falar do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3.- DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

O CEE Infanta Elena de Monforte de Lemos é un colexio público de Educación Especial que escolariza a alumnos e alumnas dende os tres ata os vinteun anos de idade e que presentan necesidades específicas de apoio educativo. O alumnado procede das zonas limítrofes das provincias de Lugo e Ourense.

O colexio actúa así mesmo como centro de recursos, atendendo as necesidades que poidan xurdir nos centros educativos do entorno, ofrecendo a estes a posibilidade de escolarización combinada, atención do servizo de fisioterapia así como de profesorado

especialista en Audición e Liguaxe e mellora de Habilidades Sociáis.

O Centro constitúe unha organización a simple vista sinxela, pero no fondo complexa, que forma parte dunha comunidade heteroxénea, composta por profesorado, alumnado, persoal laboral e pais basicamente sen esqencer as relacións coas institucións. Tamén temos presente que os intereses dos tres pilares que forman a comunidade (persoal do centro, alumnado e pais) non sempre son os mesmos, pero na nosa man está que non se perda o obxectivo básico: educación individual integral, autosuficiencia e autorrealización.

Na actualidade o Centro conta con 45 alumnos/as, dos cales 39 pertencen ao Centro e 6 están en escolarización combinada. Queremos destacar a matrícula dun alumno que temos con Atención Domiciliaria.

Todos/as son alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo tales como:

- Discapacidade Psíquica.
- Transtornos Xerais do Desenvolvemento.
- Discapacidades motóricas e sensoriais
- Transtornos de conducta.

As idades do alumnado oscilan dende os 5 anos do alumno máis novo, ata os 22 do alumno máis maior. Así que no centro temos escolarizados a alumnado que se encadra nos currículos de Educación Infanta, Educación Primaria, 1º e 2º ciclo de Educación Secundaria e nos programas formativos de Formación Profesional Básica de xardinería-viveirismo e servicios de restauración.

NUMERO DE UNIDADES

- Oficiáis:
 - 4 de Educación Especial
 - 2 Programas Formativos de Formación Profesional Básica (Modalidades de Xardíns-iveirismo e Servicios de Restauración)

- Funcionando
 - 4 de Educación Especial
 - 2 do Programas de Formación Profesional Básica (Xadineiría e Viveirismo e Servicios de Restauración)
 - Atención a Domicilio.

A maiores o Centro conta con:

- Audición e Linguaxe: Dous mestres, un definitivo e outro provisional.
- Fisioterapeuta a xornada completa.
- Servicio médico a xornada completa.
- Unha educadora a xornada completa.
- Oito coidadoras que traballan con turnos de mañá, tarde e noite.

Deste xeito diremos que o Centro conta co seguinte persoal:

- **Persoal docente:**

- Directora
- 6 mestras de Pedagogía Terapéutica.
- 2 mestres de Audición e Linguaxe (un actúa como secretario do centro)
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica para atención domiciliaria.
- 1 mestra de Lingua Extranxeira (Inglés).
- 1 mestra de relixión Católica
- 1 Orientadora.
- 2 profesores de técnicos de Formación Profesional de Operacións de Producións Agrarias

- **Persoal non docente:**

- 1 fisioterapeuta con carácter definitivo
- 1 doutor a xornada completa
- 4 educadoras. Unha para o externado e tres para o internado .

- 8 coidadoras.
- 1 cociñeira.
- 1 auxiliar de cociña (que fai función de cociñeira por motivo de distribución de horario)
- 1 limpadora para o internado con carácter definitivo.
- 2 limpadoras para o externado.

INSTALACIÓNS

O edificio principal, no que se atopa ubicado o Centro. O externado utiliza distintas dependencias do internado debido á necesidade de ampliación das instalacións.

- Número de aulas:
 - Planta Baixa:
 - 2 Aulas de Audición e Linguaxe
 - 1 Aula de Educación Especial
 - 1 Aula de Formación Profesional Básica
 - 2 Aulas-Taller Programas de Formación Básica
 - Aula Educadora
 - Primeiro Andar:
 - 4 Aulas de Educación Especial
 - 1 Aula de Programas Formativos de Formación Básica
- Outras dependencias:
 - Planta Baixa:
 - Aula Obradoiros
 - Salón de Actos
 - Aula Multisensorial
 - Aula de Modificación de Conducta

- Aula de Convivencia
- Gimnasio
- Fisioterapia
- Consulta Médica
- Aseos
- Primeiro Andar:
 - Dirección
 - Orientación
 - Sala de Mestres
 - Aula de TICs e biblioteca compartida
 - Aseos

O CEE Infanta Elena de Monforte de Lemos é un colexio público de Educación Especial que escolariza a alumnos e alumnas dende os tres ata os vinteun anos de idade e que presentan necesidades específicas de apoio educativo. O alumnado procede das zonas limítrofes das provincias de Lugo e Ourense.

4.- FINS EDUCATIVOS

- Consideramos os aspectos de convivencia, como contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte do aprendizaxe.
- Consideramos-la convivencia, non como mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un fin educativo a traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en se mesmo e fundamental de todo proceso educativo.
- Para conseguir unha convivencia non centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas condutas.
- Fomenta-lo respecto cara as diferenzas individuais sexan do tipo que sexan: culturais,

intelectuais, físicas, relixiosas...

- Fomentar actitudes críticas e comprometidas coas desigualdades e inxustizas.
- Realizar propostas concretas de colaboración con proxectos humanitarios.
- Dar canle á expresión individual para reflexionar e opinar publicamente.
- Conseguir-la integración de todo o alumnado sen dicriminación por raza, sexo ou idade.
- Intentar mellorar a convivencia do centro.
- Resolver os conflitos de xeito non violento.
- Propugnar unha disciplina positiva rexida polas cores democráticas, o respecto mútuo, o diálogo e a negociación.
- Reforzar as habilidades sociáis.
- Reforzar a autoestima e solución de problemas.
- Aplicar sancións que sexan acordes co alumnado do centro e adaptarse a súa realidade.
- Atención á diversidade.
- Fomenta-la implicación das familias.

5.- CONSIDERACIÓNS TERMINOLÓXICAS E CONCEPTUAIS:

- **Absentismo Escolar:** A falta de asistencia sen motivo xustificado.Por iso a intervención dendo o comenzo de curso é fundamental. Certo alumnado de formación básica, polas súas peculiares situacións socio-culturais tampouco son alleos a este fenómeno de absentismo, plo que haberemos de extremar as preocupacións.
- **Agresividade:** É unha cualidade inherente ao ser humano diente dunha situación propicia; que pode desenvocar en violencia se así se aprende, ou na resolución pacífica do conflito. Este é o noso obxectivo.
- **Comportamentos Disruptivos:** Son acontecementos que alteran o normal

funcionamento do centro, relacionados co currículo (falta de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc...), cos/as compañeiros/as (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo aos demais, etc...), co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper...), ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo recinto...). As problemáticas socio-familiares (problemas familiares graves, proximidade ao mundo das drogodependencias, características afectivas, culturais e sociais...) son detonante directo destes comportamentos polo que a actuación non pode ser só correctiva, senon que se precisa da prevención e intervención dada a alta prevalencia (que tende ao 100%) destas cuestións do noso alumnado.

- **Conflictividade:** Toda situación de desacordo ou diferenza que se resolve pacificamente mediante o diálogo, a comunicación, o acordo, a negociación...chegando a un punto común que enriquece a todas as partes.
- **Convivir:** Apréndese interactuando e compartindo vivencias xuntos/as; fomentando as boas relacións interpersonais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica dende o diálogo e a convivencia é o xeito de aceptar a diferenza e asumila como algo positivo e como enriquecemento persoal e social.
- **Disciplina:** Trátase dunha necesidade persoal e social, particularmente a autodisciplina. Os ámbitos educativo e laboral, que son os que, pola formación que ofertamos, nos afectan máis diariamente. Entendemos disciplina como o respecto ás normas de convivencia democráticas (na medida das posibilidades de participación do noso alumnado), en calquera actividade que teña que ver coa vida no centro.
- **Matonismo/Acoso entre iguais/Bullyings:** Situacións reiteradas, delatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sobre unha persoa como

consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. A erradicación do acoso entre persoas con diferentes roles, pola súa perniciosa manifestación, supón unha prioridade.

- **Vandalismo:** Comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais do centro ou das persoas, sen consideración nin respecto ningún. Nestos casos a intervención será inmediata con medidas disciplinarias con marcado compoñente reparador e educativo.
- **Violencia Directa:** Agresións físicas e verbais.
- **Violencia Estructural:** Situacións de exclusión, discriminación e marxinación entre iguais. Podería ser en relacións xerárquicas, pero estas serán evitadas pola propia organización do centro.
- **Violencia Simbólica:** Actitudes que mescoban a dignidade da persoa.
- **Violencia Doméstica:** A que ten lugar no seo familiar (sexa familia natural ou legal) e ten eco na actitude do/a alumno/a.

5.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

O noso Plan de Convivencia artículase en base a dous eixos fundamentais: a prevención e a intervención. Ámbolos dous deberán estar presentes nos diferentes ámbitos de actuación que definimos para o noso centro:

- **O ámbito docente:** As relacións que se establecen entre profesores/as e alumnado no marco da actividade docente.
- **As relacións entre iguais:** O clima e a organización destas relacións favorecido pola estrutura organizativa do centro como poderoso axente dinamizador da convivencia. Entendemos neste ámbito non só as relacións entre alumnos e alumnas, senon tamén as que afectan a o profesorado e o persoal non docente nas súas relacións recíprocas.

- **O internado:** O educativo mestura o ocio e lecer, cunha vida familiar que ten unha potencialidade moi significativa tanto na prevención como na intervención.
- **As familias:** Tanto na súa relación cos fillos/as como na relación co centro. A prevención primaria dende o ámbito familiar é imprescindible e a intervención cooperativa dende a familia é un dos maiores recursos para o centro. Para isto a relación fluida tanto telefónicamente como presencial é curcial, habendo sempre algún profesional no centro dispoñible para á familia que o necesita (titor/a, dirección, educador...). Este contacto é constante é continuo, tantas veces como sexa necesario e polo menos unha vez ao ano de xeito plenario.
- **O ámbito social:** Entendido este nun sentido amplo como todos os recursos sociais dos que o centro dispón a nivele preventivo e paliativo a todos os niveis da vida do centro. Neste senso os SS.SS dos Concellos de procedencia do noso alumnado son un referente claro. Os servicios xudiciais de Menores e de tutela tanto por acollemento como por confinamento e os servizos de saúde (física e mental) da comarca son outro dos pilares fundamentais da intervención. Finalmente os organismos dependentes do Servicio Galego de Colocación facilitarannos a transición á vida adulta do alumnado con discapacidade. As empresas da comarca ou Institucións, que poidan acoller en prácticas ao noso alumnado do PCPI, en moitas ocasións funcionarán como segundos titores e referentes para o alumnado.

6.- DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Integrantes da Comunidade Educativa: Dereitos e deberes segundo o Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia dos centros.

Atenderemos tamén a Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que no Título II establece os dereitos e deberes de convivencia e participación directa desenvolta polo DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.

Dereitos e deberes do Alumnado

● Dereitos

- Recibir unha formación integral e coeducativa nun ambiente educativo de convivencia e liberdade.
- A que respecte a súa indentidade, integridade e dignidade.
- Á protección integral contra agresións física ou moral e situacións de acoso escolar.
- Participar no proceso educativo e na confección das normas de convivencia e resolución pacífica de conflitos.

● Deberes.

- Participar e colaborar na mellora da convivencia respectando o dereito dos compañeiros/as á educación.
- Respetar a dignidade, funcións e orientacións do profesorado recoñecéndoo como autoridade.
- Respetar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morais, igualdade de dereitos mulleres-homes e de toda a comunidade educativa.
- Respetar normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais.
- Seguir as directrices do profesorado, educadoras e outro persoal do centro respecto a súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do Profesorado

● Dereitos

- Ser respetado e valorado pola comunidade educativa e resto da sociedade en xeral.
 - Desenvolver a súa función docente nun ambiente adecuado preservando a súa integridade física e moral.
 - Participar e recibir colaboración na mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
 - Que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia nas clases e actividades extraescolares.
 - Protección xurídica adecuada á súa función.
 - A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar relacionadas coa convivencia e mediación.
- **Deberes**
 - Respetar e facer respetar as normas, adoptando as decisións necesarias para manter un bo clima de convivencia.
 - Colaborar na prevención, detección e erradicación de conductas contrarias e de acoso escolar.
 - Informar ás familias sobre o progreso de aprendizaxe, evolución e integración socioeducativa do alumnado.
 - Informar aos responsables do centro das alteracións de convivencia, gardando sigilo.

Dereitos e deberes do Persoal Laboral

- **Dereitos**
 - Ser respetado e valorado pola comunidade educativa e resto da sociedade en xeral.
 - Desenvolver a súa función nun ambiente adecuado preservando a súa

integridade física e moral.

- Participar na mellora da convivencia escolar.
- Protección xurídica adecuada a súa función.

- **Deberes**

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar.
- Colaborar na prevención, detección e erradicación de conductas contrarias á convivencia.
- Informar aos responsables do centro das alteracións de convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deberes dos pais/nais, titores/as legais.

- **Dereitos**

- Ser respetados.
- Estar informados da aprendizaxe, evolución e integración socioeducativa dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- Ter información das normas de convivencia.
- Ser oídos nos procesos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- Participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos.

- **Deberes**

- Coñecer e participar no proceso educativo dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- Coñecer as normas, respetalas e facelas respetar.
- Respetar e facer respetar a autoridade e orientacións do profesorado e resto da comunidade educativa.
- Colaborar na prevención e corrección de conductas contrarias.

7.- ORGANOS QUE REGULAN A O FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

•Órganos de Goberno.

Os órganos de goberno e representación estruturanse seguindo o lexislado para os centros de Educación Especial.

•Organos Colexiados

•Consello Escolar.

O **Consello Escolar** do Centro é o órgano , a través do que participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade educativa.

No seo do Consello Escolar fórmase, entre outras, unha Comisión de Convivencia e todas aquelas que a lexislación no seu momento determine.

O Consello Escolar reunirase como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que sexa necesario como queda recollido no Proxecto Educativo.

Claustro de Profesores.

Segundo o establecido na lexislación vixente e no noso Proxecto Educativo, este estará formado pola totalidade dos mestres e mestras do Centro.

Realizará as funcións que lle son propias, aprobará as actividades propostas polos ciclos e departamentos correspondentes, propoñendo actividades complementarias do centro.

O Claustro estará informado de todas as actividades realizados no centro.

Reuniranse como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que sexa necesario, preferentemente no horario reservado para reunións e coordinación.

•Órganos Unipersoais

O noso centro conta dende o curso 2015-2016 dentro do Equipo Directivo ca figura do **director** e do **secretario**

Realizarán as funcións establecidas na lexislación vixente segundo o establecido no Proxecto Educativo.

O Equipo Directivo estará permanentemente aberto ás suxestións que plantexen os pais-nais, titores/as legais e calquera membro da comunidade educativa, ante problemas de convivencia, dialogará cos alumnos/as o os seus pais-nais, titores/as legais a fin de reconducir a situación:

Apoiará diariamente a labor do mestre na aula.

Estará permanentemente aberto ás suxestións que plantexe o alumnado e mediará na solución dos conflitos xunto co/a titor/a.

Fomentará o diálogo cos pais-nais, titores/as para que interveñan na coeducación do alumnado e lles fagan recapacitar.

Intentará aplicar medidas que teñan un carácter educativo, arbitrando fórmulas a través das cales o alumno/a modifique a súa conducta e termine asumindo as normas de convivencia para todos/as.

•Asociación de Nais e Pais

A maior parte dos pais-nais, titores legais do alumnado do noso centro están asociados a ANPA do mesmo.

Tanto na entrevista de principios de curso como en reunións posteriores, tanto os/as titores/as como o equipo directivo, transmitiránlles a idea de que o ensino é un proceso compartido xunto aos mestres/as. Ademais de informarlles da hora de atención semanal, para a que é preciso concertar cita previa, o profesorado do centro estará disposto a atender a calquera responsable do alumnado fóra do seu horario lectivo cando a situación persoal destes non lles permita acudir no horario previsto, ou cando se trate de solucionar algunha cuestión perentoria (especialmente a través do teléfono).

Pediráselles, así mesmo, que fagan aportacións e suxestións, e recordaráselles que toda a información dispoñible sobre o alumnado é necesaria para o exercicio da labor docente. A súa ocultación redonda nunha peor calidade do ensino, interfere no proceso de formación do alumnado e mesmo pode derivar en conflitos de gravidade considerable

dos que o centro pode responsabilizarse de non ter aportado a familia toda a información dispoñible.

Polo tanto espérase das nais, pais, titores/as legais:

- Que valoren, apoien e reforcen a labor do/a profesor/a na aula.
- Que inculquen aos seus fillos/as, acollidos/as valores como o respecto, a responsabilidade e a solidariedade.
- Que revisen se o alumnado trae o material á clase e se cumpren coas tarefas eventualmente asignadas.
- Que recollan e asinen toda as notificacións e documentos que lles envía o centro.
- Que a relación non se basee soamente na queixa, senon tamén nas suxestións.
- Un compromiso na esixencia de responsabilidade aos seus fillos/as, acollidos/as. A impunidade xera mais conflictividade. Hay que buscar na sanción efecto educativo.

8.- ENTRAMADO PEDAGÓXICO DO NOSO CENTRO.

No apartado número 6 de noso Proxecto Educativo quedan reflexadas as competencias dos distintos órganos de coordinación, mestres/as e persoal non docente do centro.

9.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO (PROPOSTAS DE ACTUACIÓN).

Profesorado:

- Adicarán as primeiras clases do curso a explicar claramente a todos o alumnado cales son as normas de comportamento axeitado na aula non permitindo aquelas actitudes que máis adiante deberán correxir. Fomentaranse hábitos e valores positivos como a escoita activa, o repeto tanto ás persoas como ao material e instalacións, o aprendizaxe colaborativo, o espírito de grupo, a axuda ao máis

feble, etc. Paralelamente a esta labor concienciadora de convivencia positiva é necesario reforzar a autoridade do/a profesor/a dende o primeiro momento, sendo as cuestións curriculares secundarias. Por isto, a amoestación pro parte do equipo directivo será o último recurso pois, do contrario, perde o/a profesor/a autoridade fronte ao seu alumnado.

- Cada profesor/a comprobará ao comenzo de cada clase a presenza de todo o alumnado do grupo na aula. Debe ser a primeira hora da mañá ou de ter estado presente o alumno/a nas clases anteriores, comunicarllo ao titor ou dirección, para proceder a comunicalo “inmediatamente” por vía telefónica, senon hai aviso por parte dos pais ou titores legais da ausencia deste alumno/a.

Ante unha situación de conflito e cando o diálogo co alumno/a non sexa suficiente para solucionar o problema, o profesor/a poderá utilizar os seguintes recursos:

1. Cambiar a distribución do alumnado na aula.
2. Anotación dos feitos no parte de aula.
3. Entrevista a os pais ou titores legais o mesmo día (telefónicamente pode ser suficiente) deixando constancia neste caso tanto ao titor como a dirección.
4. Privación de recreo para tarefas escolares ou de reposición ou mellora do centro, así como de apoio a compañeiros/as e axuda nas tarefas do centro (particularmente no caso de desperfectos ou fallas de respecto).
5. Expulsión da aula á aula de convivencia (“tempo-fóra”) para calmar unha situación puntualmente tensa, tal e como está establecido nas normas da aula de convivencia.
6. Parte de incidencias que será tramitado pola dirección ou a comisión de convivencia en función da gravidade dos feitos, segundo o procedemento establecido na lexislación vixente e a súa concreción no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro; sempre evitando na medida do posible

as expulsións temporais ou reducíndoas ao mínimo tempo posible, dado que moitas veces ese é precisamente o obxectivo da conducta disruptiva, sendo mais que medida disciplinario, un premio.

Profesorado de Garda:

- Acudirán á chegada ao centro á sala de mestres para comprobar se hay profesores ausentes, e en caso necesario atenderán rápidamente a aula do grupo que esté sen profesor.
- Se non falta ninguén, o profesor de garde deberá estar na aula de convivencia. Este funcionamento fluído verase favorecido polos seguintes procedementos:
 1. Cando o/a profesor/a prevea que val a faltar (visita médica, cursiño...), apuntarase no parte para comunicarllo á direcciónn.
 2. As ausencias por enfermidade ou imprevisto deberán comunicarse telefónicamente á primeiro hora da mañán.
- Os profesores/as de Garda de Recreo repartiranse polas distintas zonas de esparcemento. Estarán acompañados polas coiadoras.

Titores/as:

- Deberán plantexar actividades encamiñadas a fomentar a convivencia en xeral, dedicarán as primeiras sesións a explicar permenorizadamente e aducauadamente as capacidades do seu alumnado as normas de convivencia do centro. Impulsarán dinámicas de grupo na que se potencie o traballo cooperativo, a cohesión do grupo, a tolerancia, e o respecto recíproco, a formación en valores persoais e sociais que favorezcan a adquisición de hábitos de traballo, relación social e comunicación equilibrados.
- Os/as titores/as como eixo da convivencia:
 1. Canalizarán as iniciativas dos pais/nais, titores/as legais e alumnado e coordinarán

as actividades do seu grupo.

2. Serán informados das amoestacións e sancións impostas aos seus tutelados.
3. Informarán aos pais/nais, titores/as (telefónicamente) das faltas de asistencia ou indisciplina.
4. Solicitarán á dirección que convoque reunión do equipo docente cando xurdan problemas de carácter colectivo que requiran de medidas conxuntas por parte do todo o profesorado.

Xefe Departamento de Orientación:

Serán funcións da Orientadora

- Entrevistar e estudar aos alumnos/as, aos que se lles observe algún problema que conleve a un mal comportamento na clase ou no centro.
- En colaboración coa dirección intentará que este alumnado reciba un apoio educativo, cando sexa necesario, co fin de que non desaproveiten a estancia no centro como consecuencia de seus diferentes problemas.
- Elaborar os Programas de Modificación de conducta correspondentes.

Educadoras:

- Participarán na programación de actividades de tempo libre, responsabilizándose da execución de dita programación.
- Atención ao alumnado no seu tempo libre.
- Coordinación e control de estudos en horario extraescolar.
- Actividades extraescolares en colaboración co profesorado.
- Colaboración e seguimento do proceso educativo do alumnado.
- Favorecer o contacto ente o Centro e as familias do alumnado interno, e todas aquelas da súa especialidade.

- Colaborar nos tempos de comedor, exercendo como coordinadoras dos mesmos.

Coidadoras.

- Atención no aseo e limpeza do alumnado dependiente.
- Atención no comedor.
- Atención na vixiancia nocturna.
- Colaboración nos cambios de estancias e servicios: aulas, salas, recreos, comedor, patios, dormitorios...
- Colaboración na vixiancia das clases por razóns inexcusables do profesorado.
- Colaboración co profesorado na vixiancia dos recreos.

Plan de atención urxente ao alumnado accidentado

No caso de accidente, durante o horario de atención do médico do centro, o alumnado será atendido por este.

Cando xa non esté presente o médico, se a lesión é leve e non precisa de atención médica, practicarase, por parte da coidadora de turno, as curas necesarias ca axuda do botiquín do centro (con auga oxigenada e e/ou betadine).

No caso de lesións graves chamarase, primeiro ao teléfono de urxencias, e logo avisarase as pais-nais ou representantes legais para mantelos informados da situación.

Se o/a alumno/a fose trasladado en ambulancia a un centro médico, e aínda non acudiran os pais-nais ou titores/as legais ao centro, será acompañado/a polo persoal que nese momento esté de servizo, sempre que a organización do centro o permita (si é durante a noite acompañará ao alumno/a unha coidadora).

A fin de trasladar ao lesionado/a ao centro sanitario que lle corresponde, todos os/as alumnos/as deberán aportar aos arquivos do centro, unha fotocopia da cartilla da Seguridade Social, ou de calquera outra entidade aseguradora á que estén afiliados.

Puntualidade e asistencia.

A puntualidade e asistencia ó Centro, son normas obrigatorias, polo que se levará un control das mesmas polos membros do Equipo Directivo, no caso do alumnado polos/as titores/as.

Cando haxa incumprimento, tomaranse as medidas axeitadas.

9.- NORMAS DE CONVIVENCIA E A SÚA CORRECIÓN

NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

A convivencia no Centro está regulada polo Regulamento de Organización e Funcionamento. Nel detállanse as normas que todos os membros da comunidade educativa deben cumprir. Estas normas foron actualizadas co fin de adecuarse ao disposto na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitarias.

Adaptaremos ás características do noso centro as normas básicas de convivencia recollidas no Título III, capítulo I da Lei 4/2011 do 30 de xuño.

- **Normas xerais do centro.**

- Todos os integrantes da Comunidade educativa están obrigados ao recoñecemento e respecto dos dereitos dos seus membros, conforme ás disposicións legais vixentes.
- Débese acudir ao centro debidamente vestido/a e aseado/a.
- O respecto ao edificio, instalacións, mobiliario e material do centro, será obxectivo permanente na conduta de todos os membros da comunidade

educativa.

- Os/as profesionais que traballan no centro (profesorado e persoal non docente) teñen autorizado o acceso ao mesmo cos seus vehículos sin restricción. Tamén o terán o transporte dos alumnos/as así coma os responsabes externos do noso alumnado.
- Durante o recreo o alumnado non poderá permanecer nas aulas se non está presente un mestre/a. Deberán estar no patio ou nos lugares establecidos para lecer.
- Todos os membros do centro colaborarán a que os pasillos, aulas, talleres e demais dependencias estén permanentemente limpas de papeis, residuos, etc..., utilizando as papeleiras instaladas para o efecto.
- Dacordo ca Ley 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladores da venta, o suministro, consumo e a publicidade dos produtos de tabaco, existe a prohibición absoluta de fumar en todas as instalacións e dependencias do noso centro.
- O persoal do Centro non poderá utilizar os seus vehículos para transportar ó alumnado.
- Cuidar e manter limpas as instalacións do centro e o mobiliario do mesmo, por este motivo, o consumo de bocadillos e demais comestibles queda restrinxido.
- O alumnado que se atope deambulando polo centro en periodos lectivos, será devolto ao aula polo persoal que o atope.
- Procurar un ambiente de diálogo. O diálogo directo e respetuoso, con todos/as, ó sempre mellor ca crítica, o desprecio e os malos modais.
- Unha vez rematada a xornada lectiva, o alumnado interno estará atendido polo persoal laboral do internado.
- O descanso de comedor entre a xornada de mañá e de tarde corresponde ser

atendido polo persoal laboral do centro (educadoras e coidadoras).

● **Normas xerais a o alumnado.**

- Ter un trato respetuoso cos profesores e demais persoal do centro.
- Non agredir, insultar nin humillar aos seus compañeiros e compañeiras e demais membros da comunidade educativa.
- A asistencia ao centro é obrigatoria para todo o alumnado do centro. Só se poderá faltar en casos excepcionais, debendo xustificar as súas faltas os responsables externos do noso alumnado.
- No caso de retraso ou ausencia do mestre ou mestra, o alumnado permanecerá na clase (vixiados/as polo persoal) ata o momento que chegue o/a mestre/a de garda.
- Non está permitida a utilización nas aulas de teléfonos móbiles, tablet,... O uso indebido, nas aulas, dos mesmos, suporá a amoestación e recollida destes aparellos que serán devoltos aos responsables externos do alumnado.
- Está totalmente prohibido grabar e/ou difundir actos vexatorios, violentos ou aqueles que violen a intimidade das persoas e a súa imaxe persoal.
- O alumnado está obrigado a permananecer no centro durante todo o horario lectivo oficial, no lugar específico indicado polos/as mestres/as e persoal laboral que traballa con eles/as no horario lectivo (educadora, fisioterapeuta...).
- O alumnado interno estará tamén obrigado a permanecer no internado de luns a venres, no lugar específico indicado polo persoal laboral a cargo.
- As aulas e demais dependencias do centro (externado e internado) deben manterse limpas e ordenadas.
- Non se debe comer nas aulas ou espazos do centro non habilitados para tal efecto.

- Aquel alumnado que o seu comportamento xeral non garante a súa adecuada participación nunha actividade extraescolar, poderá ser excluído de participar na mesma.
- O alumnado que non participe nunha actividade extraescolar deberá asistir a clase, excepto que os seus pais/nas, titores/as legais o autoricen a non facelo.
- O alumnado non poderá abandonar a aula sen permiso do mestre/a.
- Deberá o alumnado manter unhas condicións de traballo na aula: clima agradable, tono e nivel de voz axeitado, colaboración e actitude positiva...

- **Normas relativas ao profesorado.**

O profesorado do centro realizará as funcións que lle son propias de acordo co Regulamento vixente, as circulares da Delegación Provincial de Educación, a normativa da Inspección Técnica, normas e acordos da Dirección do Centro, do Consello Escolar, do Claustro de Profesores, cada un dentro do seu ámbito de competencia.

- Asistir con puntualidade á clase e as reunións as que fose convocado/a.
- Cumprir estrictamente o calendario e horario escolar, debendo xustificar a súa ausencia. Notificarán a súa ausencia á dirección do centro, para que tome as medidas oportunas para garantir o normal funcionamento das clases.
- Vixiar ao alumnado durante a súa estancia no centro en período lectivo.
- Respetar a personalidade de cada alumno/a e intentar escoitalo, comprendelo e axudarlle atendendo as súas necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar no mantemento do orden e disciplina dentro do recinto escolar.
- Recibir a visita dos pais/nais, titores legais dentro do horario establecido para este fin.
- Reparar o recreo durante horario lectivo en distintas quendas (segundo a P.X.A).

- Sustituir, cando falte algún membro da quenda de garda de recreo, polo membro da quenda de reserva para ese día.
 - Manter unha total coordinación cos pais/nais e/ou titores legais.
 - Informar axeitadamente, cando se detecten ausencias reiteradas dalgún alumno/a, aos responsables legais do/a alumno/a en cuestión.
 - Será función directa das mestras titoras a coordinación con todo o persoal que traballa co seu alumnado, sendo elas quen establecerán un primeiro nexos de unión entre o centro e os pais/nais ou titores legais.
 - Respetar e facer cumprir os acordos dos órganos de goberno.
 - Cumprir e facer cumprir o presente Regulamento de Organización e Funcionamento.
- **Normas relativas ao persoal non docente.**

Os deberes de cada un dos profesionais non docentes, atéñense á Resolución do 23 de outubro de 1991 do Ministerio de Educación e Ciencia (BOE 12 de novembro de 1991) e na Resolución do 18 de decembro de 1986 do Ministerio de Educación e Ciencia (BOE 16 de xaneiro de 1987) sobre o convenio colectivo para o persoal laboral de Educación Especial e a Resolución do 10 de decembro de 1987 do Ministerio de Educación e Ciencia sobre o convenio colectivo do Persoal Laboral (BOE 18 de decembro de 1987), son os seguintes:

- Asistir con puntualidade ao seu posto de traballo e as reunións as que fose convocado/a.
- Vixiar, cuidar e atender ao alumnado durante a súa estancia no centro en periodo lectivo e de internado segundo o recollido no Proxecto Educativo.
- Manter unha estricta coordinación co/a mestre/a titor/a do alumnado.
- A educadora do externado atenderá a o alumnado que se estableza a principio

de curso dentro do horario lectivo, así como no tempo de comedor, segundo o establecido no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

- As educadoras de internado, nas quendas establecidas, atenderán e dinamizarán o internado desenvolvendo a autonomía persoal dos internos/as segundo o recollido no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual. O periodo de comedor establécese como periodo de internado.
- As coidadoras, segundo as quendas establecidas de mañá, tarde e noite, realizarán tarefas de atención e coidado no aseo e limpezaa do alumnado. Estarán localizables durante o periodo lectivo para colaborar cando os mestres/as e/ou outro persoal do centro demande a súa presenza, colaborando nos cambios de estancias e servicios, na vixiancia das clases por razóns inexcusables do profesorado.
- Estarán presentes as coidadoras no recreo durante periodo lectivo, colaborando co persoal docente que será o responsable destes recreos.
- Durante o periodo de internado realizarán as funcións recollidas na lexislación vixente.
- O servizo médico ocuparase do alumnado no horario establecido no P.E e na P.X.A.
- O médico atenderá persoalmente a todo o alumnado do centro, contando cando o precise, co apoio dunha coidadora se o alumno/a precisa algún tipo de axuda a nivel de autonomía persoal.
- O servizo médico deberá ter unha constante coordinación cas mestras titoras do alumnado, orientación, dirección e cas familias ou titores/as legais e demais persoal do centro.
- O servizo de fisioterapia atenderá a todo o alumnado do centro que o precise así como ao alumnado de escolarización combinada e atención domiciliaria.

- Establecerase unha estricta coordinación entre o servizo médico e o servizo de fisioterapia.
- Poderá participar a fisioterapeuta nas distintas actividades do centro nas que contribúa a mellorar o desenvolvemento motórico do alumnado instaurando pautas saudables.
- O servizo de cociña dividirase en dous turnos de luns a xoves, e nun mesmo os venres. Manterán unha estricta coordinación coa encargada de comedor na elaboración dos menús e nas dietas para o alumnado segundo o establecido polo persoal médico; coidarán que os alimentos se sirvan en debidas condicións e procederán a limpeza e menaxe da mese e da cociña.
- O persoal de limpeza, estará formado por unha limpadora que se ocupará da limpeza do internado, así como da lavandería e prancha de toda a roupa relacionada co internado.
- O persoal de limpeza do Concello ocupárase da correcta limpeza das instalacións do externado.
- Deberá haber unha estreita coordinación entre o persoal de limpeza das educadoras e mestras-titoras encanto ao aseo persoal do alumnado.
- **Normas relativas aos pais/nais, titores/as legais.**
 - Atender ás citacións do centro.
 - Non desautorizar a acción do persoal docente e non docente en presenza dos seus fillos/as ou tutelados/as.
 - Xustificar as ausencias e atrasos dos seus fillos/as ou tutelados/as, así como o deber de poñerse en contacto co centro o máis rápido posible cando o alumno/a vaia faltar prolongadamente, como sería o caso de enfermidade ou calquera outra circunstancia longa.
 - Facilitar todo tipo de información e datos valorativos dos/as seus fillos/as,

tutelados/as a os/as mestres/as, ou persoal non docente que o precise (médico, educadoras...).

- Colaborar co centro en todo aquilo no que sexan requeridos/as.
- Vixilar e controlar as actividades do alumno/a.
- Estimular ao alumno/a no respecto ás normas de convivencia do centro como elemento que contribúe a súa formación e tránsito á vida adulta.
- Non poderán utilizar medidas sancionadoras que perxudiquen o desenvolvemento de actividades no centro por parte do/a alumno/a.

SITUACIONES COFLICTIVAS

COMPORTAMENTOS ALTERADORES DA CONVIVENCIA MAIS FRECUENTES NO CENTRO

En relación co procedemento de faltas e sancións e en tanto en canto a Xunta de Galicia non regule os dereitos e deberes dos alumnos aplicarase o disposto no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio (BOE do 2 de xuño), polo que se establecen os Dereitos e Deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros, así como na Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no capítulo II do Título III, sendo desenvolvido no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Ambos documentos fan referencia a:

- Conductas contrarias as normas de convivencia (faltas leves).
- Conductas gravemente perxudiciais para a convivencia.

As correccións terán carácter educativo e recuperador garantindo os dereitos dos alumnos e alumnas, e procurarán a mellora da convivencia no centro.

En todo caso deberá de terse en conta:

- Ningun alumno/a pederá ser privado do dereito á escolaridade obrigatoria.
- As correccións non serán contrarias á integridade física e persoal do alumnado tendo en conta a idade, circunstancias familiares e sociais.
- O alumnado que cause danos de forma intencionada ou por neglixencia ás instalacións do centro ou doutros membros da Comunidade Educativa (dentro do recinto escolar), queda obrigado a reparar o dano e facerse cargo do coste económico da súa reparación.

Atendendo ao que xa reflexamos na xustificación deste Plan de Apoio, lembramos que:

“Como a atención é individualizada, atendendo as características e capacidades do alumnado, teranse en conta as mesmas para catalogar os feitos e así mesmo as medidas a adoptar para cada alumno/a do noso centro”.

FALTAS LEVES

“Sempre que non alcancen a gravidade requerida”

- Bromas de mal gusto entre os alumnos.
- Agresións físicas ou psíquicas, inxurias, ofensas, ameazas, coacción....
- Discriminación: raza, sexo, orientación sexual, nivel social, política, morais ou relixiosas, discapacidades...
- Desafío á autoridade e actos inxustificados que perturben as clases e tamén as actividades complementarias e extraescolares.
- Gravación, difusión de imaxes ou información, que atenten contra á honra, dignidade, intimidade...
- Danos causado ás instalacións e materiais.
- Portar obxetos ou substancias perigosas para a saúde e integridade persoal.

- Inasistencia inxustificada a clase ou faltas reiteradas de puntualidade.
- Reiterada asistencia ao centro sen o material preciso e necesario.

MEDIDAS CORRECTORAS

- Amoestación privada ou por escrito.
- Acudir á Aula de Convivencia (Tempo Fóra)
- Comparecencia inmediata ante a dirección do centro.

(Estas tres correccións ou medidas poderán ser aplicadas polos mestres/as)

- Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo (tarefas asignadas).

O/a titor/a oído/a o/a mesmo/a establecerá as correccións dos/as anteriores.

- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias (ata dúas semanas).
- Cambio de grupo temporal (ata unha semana).
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases (ata tres días). O/a alumno/a deberá realizar as actividades correspondentes.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro (ata tres días). Durante esta suspensión realizará tarefas escolares para evitar a interrupción no proceso formativo.

Estas catro últimos apartados serán ratificados pola dirección. Os dous últimos serán comunicados ao Consello Escolar.

As condutas leves de convivencia no centro prescriben no prazo dun mes. Os/as pais-nais, titores/as legais poderán presentar reclamacións ante as correccións impostas nos dous últimos apartados.

FALTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS.

- Agresións físicas ou psíquicas, injurias, ofensas, ameazas, coacción....
- Discriminación: raza, sexo, orientación sexual, nivel social, política, morais ou relixiosas, discapacidades...
- Desafío á autoridade e actos inxustificadas que perturben as clases e tamén as actividades complementarias e extraescolares.
- Gravación, difusión de imaxes ou información, que atenten contra á honra, dignidade, intimidade...
- Situacións de Acoso Escolar.
- Suplantación de personalidade, falsificación ou alteración de documentos académicos e do centro.
- Danos causado ás instalacións e materiais.
- Portar obxectos ou substancias perigosas para a saúde e integridade persoal.
- A reiteración nun mesmo curso de conductas leves contrarias.
- Incumprimento de sancións impostas.

MEDIDAS CORRECTORAS

- Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo (tarefas asignadas) que melloren a vida do centro.
- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias (de dúas semanas ata un mes).
- Cambio de grupo. (Defenitivo)
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases (dende catro días ata dúas semanas).
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro (dende catro días ata un mes). Durante esta suspensión realizará tarefas escolares para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

A dirección do Centro é o órgano competente para resolver os conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos/as oa abeiro do establecido no artigo da LOMCE, no artigo 20.k do Regulamento Orgánico dos I.E.S, no artigo 27.m do Regulamento Orgánico das E.I e dos colexios de E.P., e no artigo 6.k do Regulamento Orgánico dos C.P.I., de conformidade coo procedemento fixado polo Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, e a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa desenvolvido polo DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

As conductas gravemente perxudiciais prescriben aos catro meses e as correccións a final de curso.

As ausencias reiteradas sen xustificar serán estudadas caso por caso con tódolos axentes implicados, especialmente cos servizos sociais para a determinación do proceso a aplicar en cada caso.

Unha falta contrarias ás normas de convivencia será considerada grave cando así o consideren o profesor que incide na falta, o/a titor/a, orientador/a, Director/a ou a maioría dos mesmos, sempre ao abeiro da Lei 4/2011, atendendo ao estipulado no Título III, Capítulo II, onde se establecen nos artigos correspondentes medidas como:

- Recursos contra as medidas adoptadas.
- Realización de tarefas.
- Comunicación das medidas adoptadas.
- Medidas complementaras.
- Prescripción.
- Levantamento de sancións.
- Instrucción de expediente.
- Procedemento para a tramitación de expediente disciplinario.

Serán obxectos de correccións totaldas faltas motivadas ou relacionadas coa vida escolar que afecten aos membros da Comunidade Educativa, aínda que se realicen fóra do recinto escolar.

Cando un alumno ou alumna entre nunha crise froito das súas características persoais, será levado/a á aula de Modificación de Conducta, coa intención de evitar agresións físicas hacia calquera membro da comunidade educativa.

AULA DE MODIFICACIÓN DE CONDUCTA

Para un correcto funcionameto desta, será aprobada polo psiquiatra de referencia do centro quen nos indicará o tempo máximo que se debe utilizar.

Esta estará legalizada pola oficina técnica da Administración competente nesta materia.

Existirá un rexistro da aula de modificación de conducta, onde se establecerá a hora de entrada e saída así como o nome do/a alumno/a e do mestre/a ou outro persoal do centro que o/a leva alí.

Utilizaremos esta aula como último paso como quedará establecido no Plan de Modificación de Conducta.

Normas utilización da Aula de Modificación de Conducta.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva prefistas no artigo 19,3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación e substituir o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu

dereito de asistencia ou centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto.

NORMAS DA AULA DE CONVIVENCIA

- O alumnado acudirá á aula de convivencia co traballo que o mestre ou mestra, que o manda alí, lle asigne. Este traballo será devolto ao mestre/mestra ao regreso.
- As expulsións á aula de convivencia durarán en función do tempo establecido polo/a mestre/a a cargo, sendo o tempo máximo de 1 sesión.
- Tanto no parte de aula como no libro-rexistro da aula de convivencia faranse constar as incidencias que motivaron a expulsión e o comportamento do/a alumno/a durante a súa estancia na citada aula.
- O titor encargarse de rexistrar as expulsións a esta aula do seu alumnado.
- O alumnado será acompañado a aula de convivencia polo mestre/a e voltará a aula acompañado polo/a mestre/a da aula de convivencia.
- As expulsións á aula de convivencia poderán ser consideradas faltas leves.
- O/A titor/a informará ás familias das expulsións á aula de convivencia.
- Cando un alumno sexa enviado á aula de convivencia e non se presente nesta poderá ter a consideración de falta grave (avisaré aos seus titores legais).
- Cada 5 expulsión dun alumno ou alumna reunirse o equipo docente por convocatoria do titor para tomar as medidas que se estimen oportunas, das que será informada a familia do alumno ou alumna.
- Cada 2 reunións do equipo docente a familia será convocada a unha reunión para analizar o problema.
- O alumnado que sexa enviado a aula de convivencia durante o periodo de recreo será atendido polo/a mestre/a de garda de recreo para esta aula.

- A aula de convivencia será atendida neste orde: mestre/a de garda, Orientación /Dirección, outras a determinar segundo as necesidades do centro (agrupamentos, profesorado P.C.P.I...)

-

10.- UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS E DEPENDENCIAS DO CENTRO

Segundo a normativa vixente, e o establecido no Proxecto Educativo, correspóndelle á Dirección a organización e distribución dos espazos no centro dacordo coas necesidades pedagóxicas, logo de oído o Claustro.

A organización da biblioteca corresponderá aos encargados que se nomeen.

O alumnado será responsable da súa aula e do material do seu interior. Está prohibido tirar desperdicios ou papeis no recinto escolar, así como estragar calquera tipo de material.

Dentro do recinto escolar será respetada a lexislación vixente sobre o uso do tabaco. Nos espazos de xogo, regularanse e respectaranse os horarios.

11.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

O noso Plan de Autoprotección aparece nun anexo do Proxecto Educativo do Centro.

Ao longo do ano académico dentro do horario lectivo realizarase un simulacro de evacuación segundo o establecido no “Plan de Autorprotección do Centro”.

Para caso de incendio existe un equipo de mangueras e extintores contra incendios. A alarma de fumes desparase no caso de que detecte fume. Neste caso procederase á evacuación do alumnado seguindo o plan anteriormente citado.

12.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Comedor

Xestionado directamente polo centro e facendo uso del a totalidade do alumnado a excepción do alumno con atención domiciliaria.

O comedor escolar é lugar de encontro de todos os escolares do centro, onde a comida se ofrece como un momento de pracer.

O espazo de comedor é suficiente para que resulte acolledor e poidamos estar cómodos/as.

Na organización e funcionamento do comedor interveñen diariamente a directora, a encargada de comedor, educadoras, coidadoras, cociñeira e axudante de cociña.

Debido ás características do noso alumnado os menús serán completos e variados sempre supervisados polo médico.

Cada ano na Planificación Xeral Anual fixaranse os horarios e especificaranse a organización para ese curso escolar incluíndo ademáis do xantar aquelas outras actividades que se desenvolvan no horario de descanso entre a xornada de mañá e de tarde.

Este comedor rexirase en todo momento pola lexislación vixente aplicable.

Para o persoal que o teña recoñecido en convenio, sentenza firme ou disposición legal, garántese o dereito a utilizar o comedor. Sen perxucio do establecido, considérase que todo o persoal que atende ó alumnado no comedor ten dereito a xantar (gratuitamente) nel.

Dadas as peculiares características do alumnado usuario do comedor non resulta posible que o persoal laboral que atende ao alumnado durante o comedor xente nese intervalo de tempo. Este persoal poderá xantar con anterioridade ou posterioridade ao alumnado; tanto con cargo ao seu tempo de descanso (media hora) como ao rematar a súa xornada laboral, ou incluso dentro da mesma sempre e cando as necesidades do servizo o permitan.

Transporte.

O transporte escolar divídese en dous grupos segundo o réxime dos/as alumnos/as:

Alumnado interno:

Fan o transporte unha vez á semana os luns e os venres utilizando distintos medios e axudas individuais, sendo asumido o gasto pola Consellería de Educación e Orientación Universitaria a través das axudas individualizadas.

Alumnado externo:

A empresa Hermanos Santalla, realiza o servizo de transporte dependente da Consellería, coa asistencia dun cuidador/ora da propia empresa. É a encargada de transportar pola mañá e pola tarde ao alumnado dende as súas casas ao colexio e viceversa.

Outro grupo de alumnado externo fai uso de transportes adaptados como Auxilia, mediante táxis e outros/as que veñen nos vehículos da súas familias.

13.- TEMPORALIZACIÓN

O período de aplicación do presente Plan será de tres anos, establecendo o horizonte de xuño de 2016 para a finalización e avaliación do mesmo.

14.- ACTUACIÓN LEVADAS A CABO ESTES ANOS

- Inculcar o razoamento e reflexión serea na resolución de conflitos.
- Creación de ambientes agradables nas aulas, nos espazos comúns e no recinto exterior.
- Zonas de traballo.
- Espazos de lectura: bibliotecas de aula.
- Espazos lúdicos: recunchos de xogo na aula.
- Distribución de zonas de xogo no exterior:
- Realización de actividades que fomenten as relacións entre o alumnado.

- Xornadas de Convivencia con outros colexios e con xentes do noso entorno.
- Reparto dos espazos de xogo nos tempos de lecer.

15.- INICIATIVAS A LEVAR A CABO

- Observación sistematizada das relacións entre os nenos/as no patio e no grupoclase.
- Elaboración de estratexias cara a integración e aceptación das normas básicas de convivencia.
- Partindo de que os conflitos son normais nas relacións interpersoais e grupales, abordar as distintas formas de resolvelo. Buscar as solucións mediante dialogo e consenso, intentando conseguir as solucións máis axeitadas a cada caso para que redunden en beneficio de todos.
- Nos conflitos de difícil solución buscar o apoio da “mediación” : alumnos formados para colaborar na resolución de conflitos entre os seus propios compañeiros, seguindo un protocolo de escoita das partes implicadas e axudando para que cheguen a un acordo.
- Establecer un plan de formación específica do profesorado, en temas relacionados coa convivencia a través dos Equipos de Ciclo.
- Información as familias sobre todos estes procesos cara a súa maior implicación na tarefa común da mellora das relacións sociais.

16.- ACTUACIÓNS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO

- Partindo do principio de que a participación e o compromiso do alumnado na vida do centro fará máis sólidos os lazos sobre os que se cimenta a convivencia, atopamos o sentido ás actividades paralelas ao traballo de estudo na aula.
- Traballos de acondicionamento e plantacións nas zonas de xardín e no horto escolar dentro do programa “ Voz Natura ”.

- A cociñar na aula : tarefas culinarias feitas en clase.
- Práctica de distintos xogos e deportes para fomentar actividades de participación e de integración no grupo.
- Celebración do Magosto : asar as castañas,elaboración dunha pequena feira con
- Xogos de distintos tipos: de mesa, tradiciónais...
- O Nadal : elaboración de postais, adornos, o Belén, panxoliñas e realización dun festival .
- Actividades relacionadas coa Paz , posta en común nun acto que se celebra o 30 de Xaneiro.
- Samaín no cal se fan actividades de cooperación entre o alumnado con distintas capacidades.
- Disfrazámonos e cantamos ao Entroido.
- Xornada de tradicións e xogos populares ao aire libre.
- Vamos xuntos a praia.
- Elaboración da revista “ Infantinovas ”.

17.- PROTOCOLOS DE ACTUACION PARA RESOLVER OS CONFLICTOS

- Establecer protocolos disciplinarios de rapidez e eficacia que faciliten a intervención e toma de decisións máis axeitadas ás situacións que se presentan.
- Revisión dos protocolos de actuación nos casos de conflitividade.
- Elaboración de medidas preventivas.
- Definición de medidas e propostas reeducadoras.
- Aplicación de medidas sancionadoras.

18.- RESPONSABLES

As características do centro, dado o número reducido de profesores, de representantes dos pais e nais no Consello Escolar, o funcionamento dos órganos de

gobierno e a escasa conflictividade aconsellan seguir coas pautas de traballo xa adquiridas.

Funcionamento da COMISIÓN DE CONVIVENCIA constituída dentro do seo do CONSELLO ESCOLAR, podendo asistir, en caso de sexa preciso, outros implicados (titor/a, orientador/a de zona,)

PERIODICIDADE DAS REUNIÓN S : Mensuais.

Funcionamento do OBSERVATORIO ESCOLAR DA CONVIVENCIA no Centro dentro do CONSELLO ESCOLAR, podendo asistir, en caso de sexa preciso, outros implicados (titor/a, orientador/a de zona,)

PERIODICIDADE DAS REUNIÓN S : Trimestrais.

19.- RECURSOS DISPOÑIBLES:

No presente Proxecto interveñen recursos de tres tipos:

- Recursos persoais ou humanos** que serven de mediación entre o alumno e as aprendizaxes. Interven titoras, orientadora, equipo directivo, outro profesorado equipos específicos, familias, persoal non docente e institucións.
- Recursos materiais** que facilitan a adquisición das aprendizaxes. Para a posta en marcha deste Plan empregáronse materiais curriculares, materiais impresos e medios informáticos.
- Recursos organizativos** que son as estratexias relativas á estruturación dos recursos, materias, espazos e tempos.

20.- AVALIACIÓN DO PLAN

A finais de cada curso farase un análise das actuacións levadas a cabo, do grao de consecución dos obxectivos propostos e dos casos nos que se produciron situacións **conflictivas**.

Debe ser:

- Formativa.
- Continua
- Procesual.
- Participativa

Aspectos a avaliar:

- Procesos de sensibilización, elaboración e difusión do Plan.
- O proceso de aplicación e desenvolvemento
- Indicadores de logros nos distintos contornos e ámbitos.
- Implicacións do desenvolvemento do plan en outros elementos de planificación, organización e funcionamento do centro.
- Nivel de satisfacción dos distintos sectores da comunidade educativa
- Seguimento e valoración
- Espazos e tempos
- Instrumentos
- Recursos

Cando avaliar:

- Despois de cada actividade
- Trimestralmente, a través do Observatorio de Convivencia que informará ao Consello Escolar.
- Ao terminar cada curso escolar: informe feito polo Observatorio de Convivencia do centro (memoria anual.)

Incluirase este informe na MEMORIA elaborada ao finalizar o correspondente curso escolar que incluirá:

- O grado de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións e grado de participación da comunidade educativa.
- Formación e asesoramento recibidos e recursos utilizados.

- Valoración dos resultados. Conclusións e propostas de mellora.
- Evaluación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.
- Revisión anual do Plan de Convivencia a comezos de cada curso escolar.

Este Plan de Convivencia foi revisado, actualizado ca data abaixo sinalada.

En Monforte de Lemos a 10 de novembro de 2015

Asdo: Felisa Aguado Martínez

Directora